Facultade de Ciencias da Educación e Traballo Social

Presentación da Facultade

A Facultade de Educación é a escola de escolas: unha institución pública ao servizo de todas as persoas interesadas na mellora continua da educación e dos servizos sociais. Trátase dun centro universitario que se asenta sobre a historia dos centros de formación de mestres/as, educadores/as sociais e traballadores/as sociais, pero tamén sobre a historia do ensino e dos servizos sociais.

É unha facultade, polo tanto, que tenta incorporar todos os medios técnicos posibles, pero sen renunciar a un pasado que se constrúe sobre o esforzo colectivo dos profesionais e da cidadanía.

Os cambios respecto ao presente son considerables. Pero hai algo que unha facultade de educación debe contribuír a que se manteña: o espírito solidario dos veciños/as e a percepción da escola como propia, como asunto da comunidade.

Agardo que as persoas que elixen esta facultade para realizar os seus estudos teñan esa mentalidade de pertenza a un grupo que constrúe o futuro colectivo da educación e dos servizos sociais.

A oferta educativa para o próximo curso no Centro é:

Catro títulos de Grao:

- GRADO EN EDUCACIÓN INFANTIL
- GRADO EN EDUCACIÓN PRIMARIA
- GRADO EN EDUCACIÓN SOCIAL
- GRAO EN TRABALLO SOCIAL

Catro títulos de Máster:

- Master en Dificultades de Aprendizaxe e procesos cognitivos
- Master en Intervención Multidisciplinar na Diversidade en Contextos Educativos
- Master en Investigación Psicosocioeducativa con Adolescentes en Contextos Escolares
- Master en Profesorado de Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Formación Profesional e Ensino dos Idiomas (especialidades de Orientación, Xeografía, Historia, Humanidades, Matemáticas e Tecnoloxía) Por outra banda, durante os últimos anos, a Facultade de Empresariais e Turismo, potenciou, de forma considerable a participación dos estudiantes en programas de movilidade.

Para obter máis información visita a nosa páxina web

http://webs.uvigo.es/educacion-ou/web/index.php

Equipo Decanal

O Equipo Decanal está composta polos seguintes membros:

Decana:
Dª María del Mar García Señorán

Vicedecanos/as:

D. Ramón Ángel Fernández Sobrino

Dª María del Carmen Ricoy

D. Xosé Manuel Cid Fernández

D.ª María del Pino Díaz Pereira

Secretario:

D. Antonio González Fernández

Localización

LOCALIZACIÓN DA FACULTADE.

Dirección postal:

Facultade de Ciencias da Educación

R/. Doctor Temes, s/n 32004 Ourense

A Facultade de Ciencias da Educación atópase no denominado Edifico Facultades ou Edificio de Ferro, contando ademais con outros espazos docentes situados nos pavillóns 1 e 2.

Directorio telefónico:

Conserxería: 988 387 101

Secretaría alumnado Graos : 988-387-168, 98- 387-194, 988-36-890

Secretaría alumnado Mestrados: 988 368 893

Decanato: 988-387-159

Correo electrónico:

Secretaría alumnado: secexbo@uvigo.es

Secretaría Decanato: sdexbo@uvigo.es

Grao en Educación Primaria

Materias

Curso 2

Código	Nome	Cuadrimestre	Cr.totais
O05G120V01301	Aprendizaxe e desenvolvemento da motricidade na educación primaria	1c	6
O05G120V01302	Ciencias experimentais	1c	6
O05G120V01303	Lingua española	1c	6
O05G120V01304	Matemáticas e a súa didáctica I	1c	6
O05G120V01305	Xeografía	1c	6
O05G120V01401	Didáctica das artes plásticas e visuais	2c	6
O05G120V01402	Didáctica das ciencias experimentais I	2c	6

O05G120V01403	Expresión e linguaxe musical	2c	6
O05G120V01404	Lingua galega	2c	6
O05G120V01405	Matemáticas e a súa didáctica II	2c	6

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Aprendizaxe e desenvolvemento da motricidade na educación primaria				
Materia	Aprendizaxe e desenvolvemento da motricidade na educación primaria			
Código	O05G120V01301			
Titulación	Grao en Educación Primaria			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	2	1c
Lingua de impartición	Galego			
Departamento	Didácticas especiais			
Coordinador/a	Reguera López de la Osa, Xoana			
Profesorado	Reguera López de la Osa, Xoana			
Correo-e	xreguera@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Nesta materia abórdase o desenvolvemento e a aprendizaxe da motricidad entre os 6 e 12 anos. A motricidad desempeña un papel importante no desenvolvemento e aprendizaxe xeral do neno/a e ten repercusións na calidade de vida das persoas adultas, polo que é fundamental coñecer o proceso de desenvolvemento e aprendizaxe motora nesta etapa educativa.			

Competencias	
Código	
B1	Coñecer as áreas curriculares da Educación Primaria, a relación interdisciplinar entre elas, os criterios de avaliación e o corpo de coñecementos didácticos ao redor dos procedementos de ensino e aprendizaxe respectivos
B2	Deseñar, planificar e avaliar procesos de ensino e aprendizaxe, tanto individualmente como en colaboración con outros docentes e profesionais do centro
B4	Deseñar e regular espazos de aprendizaxe en contextos de diversidade e que atendan á igualdade de xénero, á equidade e ao respecto aos dereitos humanos que conformen os valores da formación cidadá
B5	Fomentar a convivencia na aula e fóra dela, resolver problemas de disciplina e contribuir á resolución pacífica de conflitos. Estimular e valorar o esforzo, a constancia e a disciplina persoal nos estudantes
B6	Coñecer a organización dos colexios de educación primaria e a diversidade de accións que comprende o seu funcionamento. Desempeñar as funcións de titoría e de orientación cos estudantes e as súas familias, atendendo as singulares necesidades educativas dos estudantes. Asumir que o exercicio da función docente ha de ir perfeccionándose e adaptándose aos cambios científicos, pedagóxicos e sociais ao longo da vida
B7	Colaborar cos distintos sectores da comunidade educativa e do contorno social. Asumir a dimensión educadora da función docente e fomentar a educación democrática para unha cidadanía activa
B8	Manter unha relación crítica e autónoma respecto dos saberes, os valores e as institucións sociais públicas e privadas
B9	Valorar a responsabilidade individual e colectiva na consecución dun futuro sustentable
B10	Reflexionar sobre as prácticas de aula para innovar e mellorar o labor docente. Adquirir hábitos e destrezas para a aprendizaxe autónoma e cooperativa e promovela entre os estudantes
B11	Coñecer e aplicar nas aulas as tecnoloxías da información e da comunicación. Discernir selectivamente a información audiovisual que contribúa ás aprendizaxes, á formación cívica e á riqueza cultural
B12	Comprender a función, as posibilidades e os límites da educación na sociedade actual e as competencias fundamentais que afectan aos colexios de educación primaria e aos seus profesionais. Coñecer modelos de mellora da calidade con aplicación aos centros educativos
C1	Comprender os procesos de aprendizaxe relativos ao periodo 6-12 no contexto familiar, social e escolar
C2	Coñecer as características destes estudantes, así como as características dos seus contextos motivacionales e sociais
C5	Coñecer as propostas e desenvolvementos actuais baseados na aprendizaxe de competencias
C6	Identificar e planificar a resolución de situacións educativas que afectan a estudantes con diferentes capacidades e distintos ritmos de aprendizaxe
C7	Analizar e comprender os procesos educativos no aula e fóra dela relativos ao periodo 6-12
C8	Coñecer os fundamentos da Educación Primaria
C13	Promover o traballo cooperativo e o traballo e esforzo individuais
C16	Deseñar, planificar e evaluar a actividade docente e a aprendizaxe no aula
C42	Desenvolver e evaluar contidos do currículo mediante recursos didácticos apropiados e promover as competencias correspondentes nos estudantes
C57	Comprender os principios que contribúen á formación cultural, persoal e social desde a educación física
C58	Coñecer o currículo escolar da educación física
C59	Adquirir recursos para fomentar a participación ao longo da vida en actividades deportivas dentro e fóra da escola
C60	Desenvolver e evaluar contidos do currículo mediante recursos didácticos apropiados e promover as competencias correspondentes nos estudantes

C61	Adquirir un coñecemento práctico do aula e da xestión da mesma
C62	Coñecer e aplicar os procesos de interacción e comunicación no aula e dominar as destrezas e habilidades sociais necesarias para fomentar un clima de aula que facilite a aprendizaxe e a convivencia
C63	Controlar e facer o seguimiento do proceso educativo e en particular o de ensino-aprendizaxe mediante o dominio das técnicas e estratexias necesarias
C65	Participar na actividade docente e aprender a saber facer, actuando e reflexionando desde a práctica
D2	Capacidade de organización e planificación
D3	Comunicación oral e escrita na lingua materna
D5	Coñecemento de informática relativos ao ambito de estudo
D6	Capacidade de xestión da información
D7	Resolución de problemas
D8	Toma de decisións
D9	Traballo en equipo
D10	Traballo nun equipo de carácter interdisciplinar
D12	Habilidades nas relacións interpersoais
D14	Razoamento crítico
D15	Compromiso ético
D16	Aprendizaxe autónoma
D17	Adaptación a novas situacións
D18	Creatividade
D19	Lideranza
D20	Coñecemento doutras culturas e costumes
D21	Iniciativa e espírito emprendedor
D22	Motivación pola calidade
D23	Sensibilidade por temas medioambientais

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Adquirir recursos e estratexias para a intervención óptima no proceso de aprendizaxe do desenvolvemento motor	B5 B6 B7 B9 B10 B11 B12	C1 C5 C6 C7 C8	D2
Comprender o proceso de aprendizaxe e desenvolvemento motor de 6 a 12 anos	B1	C1 C2 C5 C7	
Adquirir recursos necesarios para o deseño de tarefas acordes co nivel de desenvolvemento motor	B2	C2 C16 C42 C57 C58 C59 C60 C61 C62 C63 C65	
Coñecer e aplicar instrumentos de avaliación do desenvolvemento motor		C2 C6 C7 C61 C63	
Concienciar da diversidade na aula e da necesidade de atención personalizada en función da capacidade	B4 B8		
Traballar en equipo		C13	D7 D8 D9 D10 D12 D18 D19

Mellorar a capacidade organizativa e de planificación no grupo e a capacidade creativa para afrontar diversas solucións ante o mesmo problema e adaptarse a situación en cada momento.	B4	D3 D5 D6 D7 D12 D14 D15 D16 D17 D18 D20 D21 D22 D23

Contidos	
Tema	
Desenvolvemento e aprendizaxe motor	Conceptos xerais e modelos explicativos: comportamento motor, aprendizaxe motor e desenvolvemento motor.
Desenvolvemento cualitativo da motricidade	Cualidades perceptivo-motrices e coordinativas. Habilidades motrices básicas. Avaliación perceptivo-motora e identificación de trastornos do desenvolvemento.
Desenvolvemento cuantitativo da motricidade	Crecemento físico e cualidades físicas. Instrumentos de avaliación e criterios xerais de intervención.

Planificación			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	1.5	0	1.5
Lección maxistral	15	27	42
Traballo tutelado	5	12.5	17.5
Prácticas de laboratorio	21	42	63
Presentación	6	12	18
Exame de preguntas obxectivas	2	2	4
Cartafol/dossier	2	2	4
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.			

Metodoloxía docente	
	Descrición
Actividades introdutorias	Trátase de actividades co obxectivo de motivar para a materia e comprender o interese desta na súa formación: lectura de artigos e debate.
Lección maxistral	Exposición dos contidos básicos da materia utilizando recursos tecnolóxicos presentes na aula.
Traballo tutelado	O alumnado realizará diferentes exercicios relacionados cos contidos (mapas conceptuais, deseño de follas de observación, estudo de casos...)
Prácticas de laboratorio	Aplicación dos contidos teóricos a situacións prácticas, co fin de adquirir habilidades e procedementos relacionados con situacións de aprendizaxe propios da materia.
Presentación	Exposición ante os compañeiros da resolución de problemas expostos no laboratorio (deseño de actividades, aplicación de instrumentos...).

Atención personalizada	
Metodoloxías	**Descrición**
Prácticas de laboratorio	Todas as dúbidas, consultas ou achegas contarán co apoio das docentes durante o transcurso das clases presenciais ou virtuais e durante as titorías (consultar web facultade).
Traballo tutelado	Todas as dúbidas, consultas ou achegas contarán co apoio das docentes durante o transcurso das clases presenciais ou virtuais e durante as titorías (consultar web facultade).

Avaliación			
	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe

Presentación	Avaliarase a elaboración e exposición dunha proposta de intervención de estimulación e aprendizaxe motor en base aos resultados acadados a través dos test de estudados.	20	B1 B2 B4 B8	C1 C2	D2 D7 D9 D12 D18
Exame de preguntas obxectivas	Probas para avaliación de as competencias adquiridas que inclúen preguntas pechas con diferentes alternativas de resposta (verdadeiro/falso, elección múltiple ou preguntas de resposta curta).	40		C1 C2	
Cartafol/dossier	Elaborarase un informe por cada unha das prácticas realizadas (10%). Presentación en formato póster dun dos tópicos que constitúen o programa de prácticas (30%).	40	B1 B2 B4	C1	D2 D12 D18

Outros comentarios sobre a Avaliación

Para superar a materia é imprescindible acadar o 50% en cada apartado da avaliación.

Para optar a avaliación continua e formativa da materia será imprescindible asistir a máis do 80% das clases teóricas e prácticas.

Para o alumnado non asistente ou que non acade o 80% da asistencia, a avaliación constará de duas probas: unha de competencias teóricas (50%) e outra de competencias prácticas (50%).

Avaliación de competencias teóricas 50%	Avaliación de competencias prácticas 50%
Constará dunha proba obxectiva de competencias teóricas. O manual de referencia para esta parte é o seguinte: Granda, J., e Alemany, I. (2003). *Manual de aprendizaje y desarrollo motor*. Barcelona: Paidós.	Constará dunha serie de preguntas que versarán sobre os procedementos e competencias desenvolvidas nas clases prácticas.

De non ter superada a materia na primeira convocatoria, as competencias non adquiridas serán avaliadas na convocatoria de xuño-xullo.

As datas oficiais dos exames poden consultarse na web da facultade http://webs.uvigo.es/educacion-ou/ no espazo "datas exames".

É importante a participación nas primeiras sesións da materia para comprender o proceso do seu desenvolvemento. Toda a información necesaria para superar a materia atópase na plataforma TEMA a disposición dos alumnos/as.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Castañer, M., & Camerino, O., **Manifestaciones básicas de la motricidad.**, Universidad de Lleida, 2006

Bruininks, R.H., **Bruininks-Oseretsky test of motor proficiency**, 2nd. ed., Evaluación de Pearson, 2005

Fernández, E., Gardoqui, M. L., & Sánchez, F., **Evaluación de las habilidades motrices básicas.**, Inde, 2007

Henderson, S.E:, Sugden, D.A., & Barnett, A.L., **MABC-2 Batería de Evaluación del Movimiento para Niños- 2.**, PsychCorp, 2012

Pino-Juste, M. R., **Diseño y evaluación de programas educativos en el ámbito social**, Alianza Editorial, 2017

Ruiz, J., **Desarrollo motor y actividades físicas**, Gymnos, 1987

Bibliografía Complementaria

Granda, J., & Alemany, I., **Manual de aprendizaje y desarrollo motor. Una perspectiva educativa.**, Paidós, 2002

Mayolas, M.C., **Un nuevo test de valoración de medida de la lateralidad para los profesionales de educación física**, 71, 14-22, 2003

Perez, L., Hernandez, F., Marín, M., & Sicília, A., **Control y aprendizaje motor.**, Síntesis, 1999

Ruiz, J., **Desarrollo de la Motricidad a través del juego.**, Gymnos, 2004

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Educación física e a súa didáctica na educación primaria/O05G120V01601

Outros comentarios

Os contidos desenvolvidos nesta materia constitúen o fundamento da materia de educación Física en Educación Primaria, que se desenvolverá no próximo curso. Ambas materias contribúen a adquirir un perfil para a intervención a través da

motricidade e tamén para a interrelación con outras áreas, como a Expresión Musical ou a Expresión Plástica.

Plan de Continxencias

Descrición

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a Universidade establece una planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución o determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito mais áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes DOCNET.

=== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS ===

Metodoloxías docentes que se manteñen:

As metodoloxías docentes serán as mesmas nos tres escenarios, dado que foron deseñadas para facilitar unha transferencia fluída desde un escenario 100% presencial a outro 100% en remoto. En calquera caso, a única diferenza atinxe ou espazo non que se desenvolverá a actividade. No posible escenario de ensinanza mixta ou semipresencial, as metodoloxías levaríanse a cabo de modo semipresencial e virtual. Por outra banda, no escenario de ensinanza a distancia, as metodoloxías previstas adaptaríanse a una modalidade de execución virtual.

Metodoloxías docentes que se modifican:

Non se modifica a dinámica propia de ningunha metodoloxía docente, excepto, como se di no apartado anterior, a súa modalidade de execución, presencial e virtual (no caso dun escenario mixto); e exclusivamente virtual (no caso dun escenario a distancia).

Mecanismo non presencial de atención ao alumnado (titorías):

No potencial escenario de docencia semipresencial, as sesións de titorización poderán realizarse presencialmente e/ou no despacho virtual, baixo a modalidade de concertación previa e no horario que se estableza. No caso dun escenario docente na modalidade a distancia, a titorización realizarase unicamente polos medios telemáticos mencionados.

Modificacións (se proceder) dos contidos a impartir:

Non hai modificacións nos contidos a impartir.

Bibliografía adicional para facilitar a auto-aprendizaxe:

A bibliografía adicional será proporcionada ao longo do desenvolvemento da materia.

Outras modificacións:

 Ferramentas para a docencia virtual. No escenario de docencia semipresencial, ademais da docencia presencial nas aulas, a actividade docente virtual impartirase mediante Campus Integra e preverase asemade o uso da plataforma de teledocencia Faitic como reforzo, e sen prexuízo doutras medidas que se poidan adoptar para garantir a accesibilidade do alumnado aos contidos docentes.

 No escenario de docencia a distancia, a actividade docente realizarase exclusivamente de modo virtual.

=== ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN ===

Non hai cambios nin nos instrumentos nin nos criterios de avaliación establecidos na guía docente ordinaria.

Probas pendentes que se manteñen:

Todas as probas propostas na guía docente para as vindeiras convocatorias, mantéñense en calquera das tres modalidades de ensinanza previstas: presencial, mixta e a distancia, para o curso 2020-21. Os criterios de avaliación, así como a súa ponderación sobre a nota final, se manteñen, tanto para o alumnado asistente, coma para o non asistente. Os

procedementos ou tipoloxía de probas de avaliación, tampouco se modifican no seu contido, pero si no seu modo de execución, no caso dos dous potenciais escenarios docentes extraordinarios previstos. Así, no caso de estar nunha situación de ensinanza mixta ou semipresencial, as probas de avaliación poderán ser organizadas de modo presencial, dependendo das instalacións e medios dispoñibles. Se non fose posible facelas presencialmente, combinaríase a modalidade presencial coa virtual ou realizaríanse exclusivamente de forma virtual.
Se a situación é de ensinanza a distancia, todas as probas de avaliación realizaranse de modo virtual.

Probas que se modifican

Para o curso 2020-2021, non hai modificacións nas probas de avaliación, agás no referido á modalidade de avaliación: presencial ou virtual, dependendo do escenario sanitario no que se leve a cabo a docencia.

Novas probas:

Non se prevén novas probas de avaliación.

Información adicional:

Non hai.

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Ciencias experimentais				
Materia	Ciencias experimentais			
Código	O05G120V01302			
Titulación	Grao en Educación Primaria			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	2	1c
Lingua de impartición	Galego			
Departamento	Química analítica e alimentaria			
Coordinador/a	de la Montaña Miguélez, Julia María Dolores			
Profesorado	de la Montaña Miguélez, Julia María Dolores Forbes Hernández, Tamara Yuliett García Oliveira, Paula González Pereira, Antía Prieto Lage, Miguel Ángel			
Correo-e	jmontana@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Nesta materia, estudaranse os principios básicos e as leis fundamentais das ciencias experimentais, de maneira que o alumno adquira a formación necesaria neste ámbito, para o exercicio da súa actividade profesional. O seu contido desenvolverase considerando os máis cotiáns feitos e fenómenos da nosa contorna, orientando ao alumno, á formulación e resolución de problemas asociados coas ciencias á vida cotiá.			

Competencias	
Código	
A1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B1	Coñecer as áreas curriculares da Educación Primaria, a relación interdisciplinar entre elas, os criterios de avaliación e o corpo de coñecementos didácticos ao redor dos procedementos de ensino e aprendizaxe respectivos
B2	Deseñar, planificar e avaliar procesos de ensino e aprendizaxe, tanto individualmente como en colaboración con outros docentes e profesionais do centro
B3	Abordar con eficacia situacións de aprendizaxe de linguas en contextos multiculturais e plurilingües. Fomentar a lectura e o comentario crítico de textos dos diversos dominios científicos e culturais contidos no currículo escolar
B4	Deseñar e regular espazos de aprendizaxe en contextos de diversidade e que atendan á igualdade de xénero, á equidade e ao respecto aos dereitos humanos que conformen os valores da formación cidadá
B5	Fomentar a convivencia na aula e fóra dela, resolver problemas de disciplina e contribuir á resolución pacífica de conflitos. Estimular e valorar o esforzo, a constancia e a disciplina persoal nos estudantes
B6	Coñecer a organización dos colexios de educación primaria e a diversidade de accións que comprende o seu funcionamento. Desempeñar as funcións de titoría e de orientación cos estudantes e as súas familias, atendendo as singulares necesidades educativas dos estudantes. Asumir que o exercicio da función docente ha de ir perfeccionándose e adaptándose aos cambios científicos, pedagóxicos e sociais ao longo da vida
B7	Colaborar cos distintos sectores da comunidade educativa e do contorno social. Asumir a dimensión educadora da función docente e fomentar a educación democrática para unha cidadanía activa
B8	Manter unha relación crítica e autónoma respecto dos saberes, os valores e as institucións sociais públicas e privadas
B9	Valorar a responsabilidade individual e colectiva na consecución dun futuro sustentable
B10	Reflexionar sobre as prácticas de aula para innovar e mellorar o labor docente. Adquirir hábitos e destrezas para a aprendizaxe autónoma e cooperativa e promovela entre os estudantes
B11	Coñecer e aplicar nas aulas as tecnoloxías da información e da comunicación. Discernir selectivamente a información audiovisual que contribúa ás aprendizaxes, á formación cívica e á riqueza cultural
B12	Comprender a función, as posibilidades e os límites da educación na sociedade actual e as competencias fundamentais que afectan aos colexios de educación primaria e aos seus profesionais. Coñecer modelos de mellora da calidade con aplicación aos centros educativos

C25	Comprender os principios básicos e as leis fundamentais das ciencias experimentais (Física, Química, Biología e Xeoloxía)
C26	Coñecer o currículo escolar destas ciencias
C27	Suscitar e resolver problemas asociados coas ciencias á vida cotiá
C28	Valorar as ciencias como un feito cultural
C29	Recoñecer a mutua influencia entre ciencia, sociedade e desenvolvemento tecnolóxico, así como as condutas cidadás pertinentes, para procurar un futuro sostenible
C30	Desenvolver e evaluar contidos do currículo mediante recursos didácticos apropiados e promover a adquisición de competencias básicas nos estudantes
D1	Capacidade de análise e síntese
D2	Capacidade de organización e planificación
D3	Comunicación oral e escrita na lingua materna
D4	Coñecemento de lingua estranxeira
D5	Coñecemento de informática relativos ao ambito de estudo
D6	Capacidade de xestión da información
D7	Resolución de problemas
D8	Toma de decisións
D9	Traballo en equipo
D10	Traballo nun equipo de carácter interdisciplinar
D11	Traballo nun contexto internacional
D12	Habilidades nas relacións interpersoais
D13	Recoñecemento da diversidade e multiculturalidade
D14	Razoamento crítico
D15	Compromiso ético
D16	Aprendizaxe autónoma
D17	Adaptación a novas situacións
D18	Creatividade
D19	Lideranza
D20	Coñecemento doutras culturas e costumes
D21	Iniciativa e espírito emprendedor
D22	Motivación pola calidade
D23	Sensibilidade por temas medioambientais

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
1. Comprender os principios básicos e as leis fundamentais das ciencias experimentais e adquirir os contidos actitudinais e procedimentais (observar, experimentar, describir, anticipar, argumentar, etc), propios destas ciencias.	A1 A2 A3 A5	B8 B9 B10 B11	C25 C30	D1 D2 D3 D4 D5 D6 D7 D8 D9 D10 D11 D12 D14 D15 D16 D22
2. Coñecer o currículo escolar destas ciencias.	A5	B1 B2 B3 B4 B6 B7	C26	
3. Expor e resolver problemas asociados coas ciencias á vida cotiá.	A2 A3	B8	C25 C27 C28 C29	D3 D6 D8 D9 D17 D19 D23

4. Valorar as ciencias como un feito cultural, recoñecendo a mutua influencia entre ciencia, sociedade e desenvolvemento tecnolóxico, así como as condutas cidadás pertinentes, para procurar un futuro sostible.	A3	B5 B9 B12	C28 C29	D1 D13 D15 D18 D20 D21 D22 D23

Contidos	
Tema	
1. As Ciencias Experimentais. Ciencia -Tecnoloxía -Sociedade	1.1. As Ciencias experimentais. 1.2. Evolución e estado actual. 1.3 Interacción Ciencia - Tecnoloxía -Sociedade
2. Metodoloxía científica	2.1. O método científico. 2.2. Magnitudes e medidas. Expresión de datos numéricos. 2.3. Linguaxe científica
3. A materia e a súa diversidade na Natureza	3.1. Clases e propiedades da materia 3.2. Estados de agregación. 3.3. Sistemas diversos
4. Materia e enerxía	4.1. Forzas e magnitudes relacionadas coa forza. 4.2. Clases e formas de transferencia de enerxía. Fontes de enerxía. 4.3. Diversas interaccións da materia coa enerxía: cambios físicos e cambios químicos
5. Máquinas e tecnoloxías	5.1. Fundamento de distintas máquinas. 5.2. Os novos materiais e a tecnoloxía

Planificación			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	15	46	61
Resolución de problemas	15	0	15
Prácticas de laboratorio	15	0	15
Presentación	2	10	12
Traballo tutelado	3	40	43
Actividades introdutorias	2	0	2
Exame de preguntas obxectivas	2	0	2
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.			

Metodoloxía docente	
	Descrición
Lección maxistral	Exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto a desenvolver polo estudante.
Resolución de problemas	Actividade na que se formulan problema e/ou exercicios relacionados coa materia. O alumno debe desenvolver as solucións adecuadas ou correctas mediante a exercitación de rutinas, a aplicación de fórmulas ou algoritmos, a aplicación de procedementos de transformación da información dispoñible e a interpretación dos resultados. Adóitase utilizar como complemento da lección maxistral
Prácticas de laboratorio	Actividades de aplicación dos coñecementos a situacións concretas e de adquisición de habilidades básicas e procedimentais relacionadas coa materia obxecto de estudo. Desenvólvense en espazos especiais con equipamento especializado (laboratorios científico-técnicos, de idiomas, etc).
Presentación	Exposición por parte do alumnado ante o docente e/ou un grupo de estudantes dun tema sobre contidos da materia ou dos resultados dun traballo, exercicio, proxecto... Pódese levar a cabo de xeito individual ou en grupo.
Traballo tutelado	O estudante, de xeito individual ou en grupo, elabora un documento sobre a temática da materia ou prepara seminarios, investigacións, memorias, ensaios, resumos de lecturas, conferencias, etc. Xeneralmente trátase dunha actividade autónoma de/dos estudante/s que inclúe a procura e recolleita de información, lectura e manexo de bibliografía, redacción.
Actividades introdutorias	Actividades encamiñadas a tomar contacto e reunir información sobre o alumnado, así como a presentar a materia

Atención personalizada	
Metodoloxías	**Descrición**
Resolución de problemas	Tempo dedicado a resolver dúbidas sobre contidos, traballos e prácticas sobre a materia

Prácticas de laboratorio	Tempo dedicado a resolver dúbidas sobre contidos, traballos e prácticas sobre a materia
Traballo tutelado	Tempo dedicado a resolver dúbidas sobre contidos, traballos e prácticas sobre a materia

Avaliación

	Descrición	Cualificación		Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Prácticas de laboratorio	Asistencia (esixirase un 85% de asistencias), actitude e traballo no laboratorio. Cuestionarios de practicas de laboratorio.	20	A2	B2 B10	C25 C26 C27 C29	D1 D2 D5 D6 D7 D8 D9 D10 D12 D14 D16 D22 D23
Traballo tutelado	Calidade do traballo e da súa exposición. Valorásese a resolucion dos casos prácticos e problemas expostos na aula	30		B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B9 B11 B12	C28 C29 C30	D1 D2 D3 D4 D5 D6 D7 D8 D9 D10 D11 D12 D13 D14 D15 D16 D17 D18 D19 D20 D21 D22 D23
Exame de preguntas obxectivas	Valoraranse os coñecementos adquiridos a través de preguntas de relación, definiciios, palabras perdidas, etc Para a superación dla materia deberase de alcanzar unha puntuación igual o superior a 5 sobre 10	50				

Outros comentarios sobre a Avaliación

Para poder acollerse á avaliación continua será necesario asistir ás sesións lectivas de aula-laboratorio nun 85% do tempo presencial, cun aprovechamiento idoneo.

Para superar a materia é necesario alcanzar en cada un dos apartados que se valoran unha puntuación mínima do 50% e a presentación dun traballo práctico cunha temática relacionada coa materia.

Aqueles estudantes que non poidan asistir ás sesións lectivas de aula-laboratorio, terán que falar coa profesora ao comezo de curso, para concretar o traballo práctico obligatorio que terán que presentar. En tal caso, o criterio de avaliación será: traballo práctico individual ata 30% e exame final ata 70%.

No exame final, suscítanse cuestións cuxo grado de dificultade é semellante ao das consideradas no traballo de aula e de laboratorio.

1ª Convocatoria: A nota final obterase pola suma porcentual de cada unha das cualificacións dos traballos de aula, prácticas

de laboratorio e probas de resposta curta. En todo caso será necesario alcanzar unha cualificación mínima de aprobado en cada un dos apartados establecidos. De non ter superada a materia, as competencias non adquiridas serán avaliadas na convocatoria de xullo.

2ª Convocatoria: Aqueles alumnos que superen algunha das partes que se avalian, gardaráselles a nota que será sumada e ponderada á que obteñan no apartado que se evalue nesta segunda convocatoria.

As datas oficiais dos exames poden consultarse na web da facultade no espazo "datas exames".

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Catala Mireia, **las ciencias en la escuela. Teoria y practicas**, Laboratorio educativo, 2002

Chang R, **Química**, MacGrawHill InterAmericana, 2001

Izquierdo, Merce, **Química en infantil y primaria.**, Grao, 2012

Perales Palcio, FJ ;Jose María Garrido y Mercedes Galdon Delgado, **Ciencia para educadores**, Prentice-Hall, 2008

Bibliografía Complementaria

Baker, J., **50 Cosas que hay que saber sobre Física.**, Ariel, 2009

Domenech, X y Peral, J, **Química Ambiental de sistemas terrestres.**, Reverte, 2006

Emsley, J, **Moléculas en una exposición. Retratos de materiales interesantes en la vida cotidiana.**, Ediciones Península,, 2000

Fernández Panadero J., **¿ Por qué el cielo es azul ? La Ciencia para todos.**, Paginas de Espuma, 2004

Fisher, Len., **Como mojar una galleta: la ciencia en la vida cotidiana**, ., Debolsillo, 2004

Moreno,R. y Cano, L., **Experimentos para todas las edades.**, Rialp, 2008

Pinto Cañon G., Martínez Ureaga, CastroA.C.M., **Química al alcance de todos.**, Pearson Education, 2006

Vinagre Arias, F, **rase una vez□□.el aire**, Filarias,, 2003

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Didáctica das ciencias experimentais I/O05G120V01402
Didáctica das ciencias experimentais II/O05G120V01502
Educación ambiental para o desenvolvemento/O05G120V01901

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Educación: Deseño e desenvolvemento do currículo da educación primaria/O05G120V01201

Outros comentarios

Esta materia complementaráse coas materias obligatorias de Didáctica das Ciencias Experimentais I, Didáctica das Ciencias Experimentais II e a materia optativa de Educación Ambiental

Plan de Continxencias

Descrición

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===
Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada polo *COVID-19, a Universidade de Vigo establece unha planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución determíneno atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou parcialmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun modo máis áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes.

=== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS ===
* Metodoloxías docentes que se manteñen
As metodologias docentes serán as mesmas no tres escenarios, dado que foron deseñadas para facilitar unha transferencia fluída desde un escenario 100% presencial a outro 100% en remoto. En calquera caso, a única diferenza atinxe ou espazo no que se desenvolverá a actividade. No posible escenario de ensino mixto ou semipresencial, as metodoloxías se levarían a cabo de modo semipresencial e virtual. Doutra banda, no escenario de ensino a distancia, as metodoloxías previstas adaptásense a unha modalidade de execución virtual.

* Metodoloxías docentes que se modifican
Non se modifica a dinámica propia de ningunha metodoloxía docente, excepto, como se sinala no apartado anterior, a modalidade de execución, presencial e virtual (en caso dun escenario mixto); e exclusivamente virtual (no caso dun

escenario a distancia).
* Mecanismo non presencial de atención ao alumnado (tutorías)
No potencial escenario de docencia semipresencial, as sesións de titorización poderan realizarse presencialmente e/ou no despacho virtual, baixo a modalidade de concertación previa e no horario que se estableza. No caso dun escenario docente na modalidade a distancia, a titorización realizárase unicamente polos medios telemáticos mencionados.

* Modificacións (si proceden) dos contidos a impartir
Non hai modificacións nos contidos a impartir

* Bibliografía adicional para facilitar o auto-aprendizaxe
A bibliografía adicional será proporcionada ao longo do desenvolvemento da materia.

* Outras modificacións
Ferramentas para a docencia virtual. No escenario de docencia semipresencial, ademais da docencia presencial nas aulas, a actividade docente virtual impartirase mediante o Campus Integra e preverase asemade o uso da plataforma de teledocencia Faitic como reforzo, e sen prexuízo doutras medidas que se poidan adoptar para garantir accesibilidade do alumnado aos contidos docentes.
No escenario de docencia a distancia, a actividade docente realizarase exclusivamente de modo virtual.

=== ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN ===
Non hai cambios nin nos instrumentos nin nos criterios de avaliación establecidos na guía docente ordinaria.

* Probas xa realizadas

* Probas pendentes que se manteñen
Todas as probas propostas na guía docente para as vindeiras convocatorias, mantéñense en calquera das tres modalidades de ensinanza previstas: presencial, mixta e a distancia, para o curso 2020-21. Os criterios de avaliación, así como a súa ponderación sobre a nota final, mantéñense, tanto para o alumnado asistente, como para o non asistente. Os procedementos e tipoloxía de probas de avaliación, tampouco se modifican no seu contido, pero si no modo de execución, no caso dos dous potenciais escenarios docentes extraordinarios previstos. Así, no caso de estar nunha situación de ensino mixto ou semipresencial, as probas de avaliación poderán ser organizadas de modo presencial, dependendo das instalaciónes e medios dispoñibles. Se non fose posible facelas presencialmente, combinaríase a modalidade presencial coa virtual ou se realizarían exclusivamente de forma virtual.
Si a situación é de ensino a distancia, todas as probas de avaliación realizásense de modo virtual.

* Probas que se modifican
Para o curso 2020-2021, non hai modificacións nas probas de avaliación, excepto no referido á modalidade de avaliación: presencial ou virtual, dependendo do escenario sanitario no que se leve a cabo a docencia.

* Novas probas
Non se preveen novas probas de avaliación

* Información adicional
Non hai

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Lingua española				
Materia	Lingua española			
Código	O05G120V01303			
Titulación	Grao en Educación Primaria			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	2	1c
Lingua de impartición	Castelán			
Departamento	Lingua española			
Coordinador/a	Tobar Delgado, Eduardo			
Profesorado	Tobar Delgado, Eduardo			
Correo-e	eduardo.tobar@edu.xunta.es			
Web				
Descrición xeral	A lexislación actual esixe que o futuro docente posúa, ademais dunha extensa e profunda formación en aspectos psicopedagóxicos, un dominio da ferramenta básica e imprescindible en todo proceso de comunicación: a lingua española. Ademais do coñecemento dos principios básicos e científicos de disciplinas lingüísticas que se ocupan da lingua española, as destrezas, que os profesores deben perfeccionar nas clases, para alcanzar os obxectivos inherentes á aprendizaxe: capacidade lectora, a expresión oral, a expresión escrita e a análise e interpretación de textos orais e escritos.			

Competencias	
Código	
A1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B1	Coñecer as áreas curriculares da Educación Primaria, a relación interdisciplinar entre elas, os criterios de avaliación e o corpo de coñecementos didácticos ao redor dos procedementos de ensino e aprendizaxe respectivos
B2	Deseñar, planificar e avaliar procesos de ensino e aprendizaxe, tanto individualmente como en colaboración con outros docentes e profesionais do centro
B3	Abordar con eficacia situacións de aprendizaxe de linguas en contextos multiculturais e plurilingües. Fomentar a lectura e o comentario crítico de textos dos diversos dominios científicos e culturais contidos no currículo escolar
B4	Deseñar e regular espazos de aprendizaxe en contextos de diversidade e que atendan á igualdade de xénero, á equidade e ao respecto aos dereitos humanos que conformen os valores da formación cidadá
B5	Fomentar a convivencia na aula e fóra dela, resolver problemas de disciplina e contribuir á resolución pacífica de conflitos. Estimular e valorar o esforzo, a constancia e a disciplina persoal nos estudantes
B7	Colaborar cos distintos sectores da comunidade educativa e do contorno social. Asumir a dimensión educadora da función docente e fomentar a educación democrática para unha cidadanía activa
B12	Comprender a función, as posibilidades e os límites da educación na sociedade actual e as competencias fundamentais que afectan aos colexios de educación primaria e aos seus profesionais. Coñecer modelos de mellora da calidade con aplicación aos centros educativos
C43	Comprender os principios básicos das ciencias da linguaxe e a comunicación
C44	Adquirir formación literaria e coñecer a literatura infantil
C45	Coñecer o currículo escolar das linguas e a literatura
C46	Falar, ler e escribir correcta e adecuadamente nas linguas oficiais da Comunidade Autónoma correspondente
C47	Coñecer o proceso de aprendizaxe da linguaxe escrita e o seu ensino
C48	Fomentar a lectura e animar a escribir
C49	Coñecer as dificultades para a aprendizaxe das linguas oficiais de estudantes doutras linguas
C50	Afrontar situacións de aprendizaxe de linguas en contextos multilingües
C52	Desenvolver e evaluar contidos do currículo mediante recursos didácticos apropiados e promover as competencias correspondentes nos estudantes
D1	Capacidade de análise e síntese
D2	Capacidade de organización e planificación
D3	Comunicación oral e escrita na lingua materna

D7	Resolución de problemas
D9	Traballo en equipo
D10	Traballo nun equipo de carácter interdisciplinar
D11	Traballo nun contexto internacional
D12	Habilidades nas relacións interpersoais
D13	Recoñecemento da diversidade e multiculturalidade
D14	Razoamento crítico
D15	Compromiso ético
D16	Aprendizaxe autónoma
D17	Adaptación a novas situacións
D19	Lideranza
D20	Coñecemento doutras culturas e costumes

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
1. Adquire hábitos e destrezas para a aprendizaxe autónoma, creativa e cooperativa, e trata de promovelos nos estudantes desde a participación e o esforzo individual.	A3 A5	B3 B4 B5	C50	D2 D3 D9 D10 D12 D13
2. Comprende e sabe interpretar os principios básicos das ciencias da linguaxe e a comunicación.	A1 A2	B1 B12	C43 C45 C49	D1 D11 D14 D15 D16
3. Coñece as bases teóricas dos currículos de excelencia educativa e é capaz dunha valoración crítica dos deseños curriculares españois.	A3	B1	C43 C45	D7 D11 D14 D15 D17 D20
4. Coñece, respecta e promove a diversidade lingüística e cultural de España e de Europa, e é capaz de contribuír á planificación e xestión críticas de tal diversidade.	A1 A2 A4	B3 B4	C49 C50	D13 D15 D20
5. Asume a comunicación lingüística como ferramenta básica de regulación da conduta e motor da resolución pacífica de conflitos na comunidade escolar.		B4 B5		D7 D12 D15 D17
6. Valora a importancia do traballo en equipo e asume a súa cota de responsabilidade.		B2 B7		D9 D10 D12 D16
7. Reflexiona e argumenta sobre a linguaxe considerada como obxecto de estudo servíndose dos conceptos da lingüística.	A2 A3 A4		C43 C44 C50 C52	D1 D12 D14 D15 D16
8. Coñece dun modo reflexivo e práctico a fonoloxía, a fonética e a ortografía da lingua española.	A1		C43 C52	D3 D7
9. Coñece e sabe usar a gramática do español.	A1		C43 C52	D1 D7 D14 D16
10. Adquire e sabe utilizar os conceptos básicos de semántica, de lexicoloxía e de lexicografía do español.	A1		C43 C46 C47 C48	D1 D7 D16
11. Profunda nas estruturas básicas da lingua española con atención especial aos aspectos expresivos e normativos relacionados co uso.	A2 A4	B3	C43 C46	D3 D12
12. Fala, le e escribe, correcta e adecuadamente, a lingua española.	A1 A4		C46 C47 C48	D3 D12 D16

13. Sabe expresarse en español con fluidez e precisión e pode facer un uso flexible do devandito idioma para fins sociais, académicos e profesionais.	A4		C46	D3 D12 D15 D16 D19
14. Integra a reflexión sobre as normas e recursos da lingua nos procesos de produción escrita e oral e na interpretación do escrito e do oral.	A2	B2 B12		D7 D16 D17
15. É capaz de interpretar e construír textos desde o respecto ás normas de xénero de discurso, de tipo de texto e e desde as esixencias de coherencia, cohesión e cunha 'elocutio' adecuada ao contexto.	A2 A4	B2		D1 D2 D3 D7 D17
16. Utiliza, se a situación o requíre, soportes non verbais que complementen a súa exposición (TIC, audiovisuais...).	A2 A4	B2 B12	C52	D17

Contidos	
Tema	
